

CRONICA do PARTIDO

- **EQUIPO:** ORTODIX BASKET XIRIA ARTAI
 → **CATEGORÍA:** JUNIOR MASCULINO 2ª DIV.

DATA	HORA	PAVILLON – POBOACION	XORNADA	COMPETICION
07.03.2020	12:00	PAV.MUNICIPAL VILA DE NOIA	4ª	LIGA 2ª DIV. 2ª fase

• **MARCADOR:**

ORTODIX BASKET XIRIA ARTAI					SANTO DOMINGO BETANZOS				
1ºQ	2ºQ	3ºQ	4ºQ	FINAL	1ºQ	2ºQ	3ºQ	4ºQ	FINAL
15	32	21	26	94	22	13	19	10	64

• **ADESTRADOR:** BASI PAMPÍN

• **ANOTADORES:**

José (24); Abelenda (3); Samuel (28); Marco F (12); Javi (23); Marco M (2); Pablo (-); Dani (2); Manu (-); Adrián (baja); Wesley (); Damián (-)

• **ANALISIS DO PARTIDO:**

Non partiamos dunha boa semana de adestramentos a nivel grupal con ausencias varias por motivos escolares, académicos, enfermidades e problemas de desprazamento; sen unha boa rutina, saída fulgurante dos betanceiros que dominaban o primeiro cuarto desde o contraataque e a boa procura das súas vantaxes. Deixáronse ir un pouquiño nos minutos finais deste primeiro período e permitíronnos aos poucos meternos no partido onde ata o momento non existía actividade defensiva pola nosa banda e as nosas lecturas ofensivas eran precipitadas sen castigar ao rival.

Vernos nesas circunstancias parece que nos espolea e comezamos a subir liñas defensivas, interpretando de maneira táctica o seu ataque; neste apartado logramos roubos de balón que nos permiten anotar de maneira máis fluída neste segundos dez minutos; o noso pero foi a comisión de faltas no xogo de media pista, que nos lastraba e permitía variar o ritmo do partido aos visitantes, aspecto que agora non nos conviña; neste período logramos recortar diferenzas con intensidade e acerto no tiro exterior.

Tras o descanso e pese ao cambio defensivo dos visitantes, logramos atacar imprimindo ritmo, atacando as debilidades e acertando desde o triplo novamente. Sentiamos máis cómodos sobre a pista, e reflectíase tanto no marcador, ampliando diferenzas como no xogo.

No último período continuamos mostrándonos como un rodete de actividade defensiva, e todos os xogadores multiplicábanse; este aspecto foi fundamental para que os que hoxe vestían de branco, deixasen de lado a esperanza de remontar durante este cuarto. Acertabamos en defensa, sabendo o que debiamos facer e volvíamos acertar durante o noso ataque con boa visión e efectividade desde un xogo equilibrado.

Tras esta importante vitoria, debemos ser conscientes da mellora que debemos alcanzar co traballo diario dos adestramentos a nivel físico, mental e técnico-táctico.